

# A Nosa Terra



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1916

PREZOS DE SUSCRIZIÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

Número 1

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE

16, BAIXO

A CRUÑA

14 NOVEMBRE

## A BANDEIRA ERGUEITA

Fundar e soste escolas en Galicia é obra santa, patriótica. Mais axudar a vida d'este boletín, é corolario obrigado d'aquelas iniciativas loudabres. As escolas son pr'os nenos; o boletín, tral-a xuntanza dos enxebres, esperará o sentimento y-o pensamento da mocidade que comenza a xurdir na loita. A nosa terra precisa un boletín, xa que has tra o d'agora hai xornales e revistas de gallegos, mais nin un soyo de Galicia, esquirto en gallego y-en Galicia, pra Galicia. Oxe bule pol-os nosos eidos e potas nosas vilas un sospitoso andacio rexionalista. Hai que peneirar as intencións, pra separar a palla do grao. Chegou a hora de definirmos. Nos, expoñemos cartos e traballo. Damol-o exemplo. Quen non faga o pequeno sacrificio económico de axudarnos a erguer esta folla enxebre, que de chegar a ser diaria resolvería moitas cousas de fondo interés patriótico, non terá dereito a chamarse bo gallego.

Os rexionalistas d'ocasión, rexionalistas de "feira dos discretos", renegan da fala gallega, rinsen d'ela. Queren un rexionalismo en castelao; queren un rexionalismo fillo do castelao, ¡do castelao que ten o orgulo de habere enxendrado, cal primoxénito, o centralismo! Esto é pedir peras ó olmo. Esto é facere un corpo sin alma, que é o mesmo que unha cousa sin vida.

Total-a nosa presoalidade está na nosa lingua. Por eso os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora porvidencial da nosa concencia colectiva, veña a inxerfarse na voz da xuventude vilega, pra restaurar así entre todos un sentimento, un pensamento y-unha acción que dean mañán o froito proveitoso do rexionalismo enxebre, que fará progresar a Galicia esnaquizando os logreiros y-os labercos.

¿Cómo habemos de darlles fe ós que se amosttran rexionalistas, namentras teñen postol-os ollos na escada do centralismo pra

rubir? ¿Como habemos de seguire aos rexionalistas que lle deben a sua presoalidade o Poder Central? Estes non son dos nosos porque nunca serán Amigos da Fala. Os que se chaman gallegos, renegando da lingua, non teñen mais dereito á chamarse así que os animais y-as prantas que naseen nos nosos eidos. Eiqui doi, hirmáns.

Sere Amigos da Fala, supón espírito de sacrificio, e todo apostolado é sacrificio. O que se diga ou esquirba en gallego, non dará fama na Meseta. Por eso reneagan do gallego moitos rexionalistas de pan levar. Por eso o rexionalismo gallego, en gallego, é a nosa bandeira de redención; fronteira posta entre ó mundo da farsa y-o mundo da verdade. Os Amigos da Fala constituímos, pois, unha relixión d'homes honrados, d'homes enxebres, que quer decir, puros; d'homes que comulgan a cotío c'o rexionalismo integral, ollando á Galicia redenta nos seus corazóns a total-as horas.

Os amigos da Fala seremos, pois, sempre, os gardadores do lume sagrado da patria gallega. Oide ben: non hai outro rexionalismo que o que se faga en gallego, e si este non xurde, non xurdirá Galicia. Nos somos a pedra de toque onde se probará si as monedas da terra son falsas ou boas. Somos o formento d'un porvir glorioso de dinidá e libertá: como á rexa d'o confesionario no que hai que facer sempre enxamen de concencia rexional.

Galicia é unha patria natural con lingua de seu. As duas columnas do noso idearium, que non tiveron en conta os subrimos Precursores, seguíndose d'eiqui o seu fracaso. Temos unha lingua propia, feitura de Dios e da Natureza, que emprega aínda a maioría do pobo, non habendo gramáticas ni dicionarios que axudaran a fixala y-a pesare de cinco sigros de centralismo: lingua arcaica que naceu do latín, desgaxada do albre da soberanía de Roma pra parir o cas-

telo y-o portugués, pra vivire en trunfo co xeito internacional nas Cortes dos reis e nas xustas d'amore; lingua viva que entenda moitos millóns d'homes mais alá das fronteiras; que fixo dos gallegos, lonxe da terra, lazarrillos espirituais dos castelanos. Y-unha lingua, así: máis extensa, mais práctica que a castelana. Non é a nosa millor arma? ¿Pode os esqrecela? Si a lingua e o escudo da persoalidade dos pobos, mais forte que as armas, ¿qué loitas ganaremos sin ela? Si a lingua, soyamente, dá a autonomía espiritual, as outras autonomías separadas ¿valerán algo?

Hai, pois, unha política pra nos: a política da lingua. Si conseguirmos inxeitas n'esta política ós novos inteleituos e xeracións que veñen, voltaremos a ver a coti Pobo que recobra a sua lingua, pol-os cen kilos si mesmo; pénsase como se fala, e fálase como se pensa. Cando morre un idioma morre un pobo. Porque a palabra é o elemento esencial da formación do home. O home-dixo Emerson—é a metade de si mesmo; a outra metade é a sua expresión. E nos non temos mais expresión que a que nos impuxo Castela, facendo posibre que Galicia poderase chamar, xenéricamente, Castiçia.

¿Non vos decatades xa do que queremos? A redención de Galicia están n'estas cousas: no fomento agarimoso da lingua, no estudio dos nosos problemas económicos que non terán nunca, porque non poñen a solución no actual réximen político español. Porque Galicia é librecamión por-a sua natureza, y-o arancei protector do feudalismo de Castela será sempre o escudo que nos impida poñernos nas condicións de riqueza que teñen outros pobos de Europa semellantes ó noso.

Falade y-esquirbide e pensade sempre en gallego, hirmáns. Por esto fixéronse fortes os cataláns, por esto se lles calunía e combate no Centro, principalmente. C'o demé transixiriase.

"A Nosa Terra" quere que s'intrese a mocidade que ven n'estas cousas. Quere que surxan ó mesmo tempo que poetas e músicos gallegos, prosistas da nosa lingua. ¡Cre-

mos a forza rexionalista inicial, preparando o advenimento do *Héroe galego, todo galego*, y-o noso traballo concuiriá por cinguirse c'o loureiro do trunfo! Porque, como dixo Carlyle, non abonda conque apareza o héroe; percíbase, ademais, un mundo disposto a recibilo como cumpre; un mundo que non estea feito de servíles e domésticos". E cando apareza ese héroe, dimpóis que nos lle fagamos o ambiente, a literatura galega, a socioloxía galega, a ciencia galega, como as hoxe gloriosísimas de Portugal, feitas n'unha lingua hirmá da nosa, adquiriran un valimento universal que abonde pra redimirnos. O valor universal d'un idioma, faino ó Xenio. Si traballamos con fe virá o Xenio, o escultor de pobos que percisamos. Non como polipos, sinón como homes de razón erara, axudemos a facer o novo continente espiritual da nosa terra. Estrenemos unha vontade cada día.

Fixádebos en que soyo hai un rexionalismo que nos poida servir d'exemplo: o catalán. Predicar ideas boas non é nada: hai que predicar e dar froito. Cataluña predica e practica, Cataluña encarnou na realidade do pobo a doutrina rexionalista, Cataluña e quen mouxo as galegas. Por Cataluña hoxe se chamaban todos rexionalistas. Cataluña alumea a nosa Iberia do porvir.

A traballar con fe. Este boletín e de todos os gallegos. A sua dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as suas follas serán dinas de se coleccionar. Perpetuáren o pensamento d'unha época.

ANTÓN VILLAR PONTE.

D'A ACTUALIDADE

## Polonia, xemplo

Polonia, a desgraciada Polonia, resurxe cal outra ave fénix das suas cinzas, pese os seus séculos de desmembración que sobre pesaban. Ben é certo que este resurxir é un certo punto d'unha gran relatividade, da loita actual fixeron que a desmembración, por feitura d'un cabilete, nunca visibre das potencias que agora se peçon a mercede d'un rei, aparezca de novo no campo das nacionalidades europeas como algo vital. Na esfeira dos feitos internacionais que actualmente se desarrollan, foi perciso o acordo dos emperadores d'Austria e Alemaña pra que o nomeado suceso do resurximento político da Polonia tivese lugar; mais no terreo das realidades non era eisi: Polonia desmembrada, asoballada, despoxada, seguía sendo Polonia pese ós repartos, sumisións e despozos; o corpo poido sufrir desgarramentos que determinaron un estado semellante á morte; pero non, non era a morte a que imperaba sobre os inanimados despozos, polo interior d'eles espallábase aínda, anque mainíñamente, a savia vital; o espírito lutexaba: o ideoma, alma dos pobos, non desaparecera, cultivábase: os polacos asoballados seguían falando en polaco a despeito de cantas tentativas rusas, austríacas e prusianas se fixeron pra desterralo, e si ben é certo que unhas fronteiras arbitrarias separaban e facían estranxeiros a cidadáos da mesma patria natural, isto soyo tiña lugar en canto á esfeira material do propio chan; pero había outra esfeira contra a que os homes non podían atentar, y-esa outra esfeira era a espiritual que o ideoma sinalaba. Podían, pois, os desgraciados polacos da Posnania, da Galizia e da Polonia rusa estar separados por fronteiras que caprichosa y-arbitrariamente traxeran os homes; podían hastra

transixir en se consideraren como estranxeiros uns a outros dentro do seu propio país, obrigados pol-as asoballantes imposicións d'os opresores, mais quedaba unha fronteira, un baluarte pra os polacos acorados, que as arbitrariedades y-os caprichos dos déspotas opresores non conseguían nunca salvar, y-ese baluarte, y-esa fronteira mediante a que os polacos nunca deixaron de seren polacos e dentro da que poideron agardar afotos á que un día se restaurase a inxusticia co eles comelida, foy o ideoma, a lingua polaca que axuntando, fundindo, por eisi decito, as vontades y-os corazóns polacos, lograron facer de Polonia o bloque indestrutible que hoxe, anque esnaquizado e incompreto, resurxe, tan inconfundible e tan seu como nos tempos preteritos da desaparición, á luz d'un novo día.

E pouco importa que a realidade actual sexa pra Polonia unha maneira d'engano, como tal pouco duradairo, pois engano ou non está xa no ambiente, e si agora a efectividade non é mais que un feito meramente transitorio, e indubadre que d'actual loita ten que sair a reconstitución polaca. Lembrese a programa que o Gran Duque Nicolás, no nome do Zar de Rusia, dirixeu nos comezos da guerra ós polacos, prometéndolles a reconstitución integral, non esnaquizada como agora sucede, da sua patria.

Polonia, lembranza histórica, mera abstracción d'unha materialidade desfeita, dende o Congreso de Viena foy sempre, hastra o momento presente unha realidade tan viva, anque morta, por obra escritiva da sua lingua, que tiña a virtú de manter o lume na cinza das ansias patrióticas. O que os homes non poideron, poido facelo a fala, e Polonia que hastra hoxe, dende fai dous séculos, foy soamente pra os seus fillos patria de esperanzas mais que de realidades, vuy a loitar, o que onte loitaban os pequenos estados balcánicos emancipándose da Turquía tamén polo-o milagre da lingua—balado que separou sempre ós abafados dos abafadores—o que quizáis, muy logo logren outras terras irredentas—o retorno a patria natural—por haberen resistido co ideoma o virus pezoñento que se lles quería inocular arrincándolles, arebatándolles eisi a y-alma. Estos son os feitos que a realidade histórica nos amosa; a eles, nos atemos os que consideramos como primordial elemento pra a pureza y-a solidéz d'unha nacionalidade o afinamento y-o cultivo do ideoma nativo.

RAMÓN VILLAR PONTE.

## O CAMIÑO

Moito tempo levamos de despotismo centralista, mais non chegou pra que os diversos pobos de qu'España se compón perdesen a conciencia da sua persoalidade.

No comén foi o cesarismo quen atentou ás suas liberdades, inda que siquera respetoulles o nome; e hoxe ó espallárense a cito nas leis os dereitos dos cidadáos—pra seren moitas veces granxeiría dos caciques, e sostén das oligarquías, que, como sua, annexan a cousa pública,—os das rexións si guen sendo un mito, e a centralización, cada ves mais forte e uniformista, non satisfeita con riscaldas do mapa, etalando a sua vida no estreito marco da artificiosa divi-

sión administrativa en provincias, traballou de firme cobizosa de nos pór baixo do seu ideal: O Estado omnipotente virado en dono e as rexións sin persoalidade nin nome, desfeitas, esnaquizadas, pra formaren unha inxente masa de cidadáos isolados, e separados, pra mais, pol-as diferencias partidistas; e, como consecuencia d'esto, o despotismo caciquil imperante enriba, abaixo, e no medio.

Mais pese ó esforzo centralista, a alma dos pobos que forman España non morre; e o rexionalismo,—non lle chamaremos nacionalismo pra aforrármonos o fér que nos poider d'acordo sobre de si os conceitos d'Estado e de Nación son una mesma cousa, ou de si o Estado debe e pode sempre encarnar n'unha nacionalidade—que é a aspiración dos pobos a dispóren por si mesmos os seus medios da vida en orde ós seus fins, a conciencia firme da sua persoalidade, inzase por todas partes, e latexa vigoroso nos actos e manifestacións da nosa vida social e colectiva.

Neste orde de cousas é Cataluña quen sinalou o camiño que compre recorrer. Os catalans non son mais rexionalistas que somos os gallegos: nos por intuición, por sentimento, ou por reflexión levamos tamén na nosa alma, engarrada d'ó amor á terra, unha lexítima cobiza pol-a eisaltación do seu ideal. Mais eles, gracias ó esforzo perseverante dos catalanistas, conseguiron sustentar a aspiración rexionalista catalana pra faceren d'ela un credo político qu'informa e dirixe os movementos todos da opinión do seu país. E asina ten de se facere nas demais rexións. Non abonda o amor a Terra, nin ós seus vellos costumes, nin siquera,—con ser moito,—a agarimosa estima e o cultivo da fala; da literatura e da música. Compre mais: compre levar sempre por diante a afirmación do ideal rexionalista, depor diferencias partidistas, ou de calquer clas, en aras do interés común, e agruparse na comunión e na propaganda d'ese ideal traballando a reo canto as circunstancias permitan por conseguilo, como fan os catalans.

Nos amamos moito a Galicia, pro pouco ou nada fixemos pra a arrincar das poutas aldraxantes do centralismo que a afogan, e a nosa conciencia debiera de nos acusar de non tér xa feito por ela o que os catalans teñen feito por Cataluña. Comprenos, pois, emendar o noso erro, tornando os ollos ó ideal galego, e, pondo por riba de todo o que é noso, e á nosa garda temos confiado como herdo dos nosos pasados, traballar unidos sin causeira até obter pra Galicia o rango que lle corresponde como hirmá maior das rexións españolas. O verdadeiro patriotismo nol-o pide; que, ó cabo, non nos poderemos serre hos cidadáos españoles si non escomezamos por ser hos gallegos.

MANOEL BANET FONTENI A.

Monforte.

## CADRO BRANCO

Rodrigo Sanx, home culto, austero, cheo de prestixios antre nos e no Ateneo de Madri, onde o teñen por mestre, falou sempre en gallego n'unha conferencia nocturna do «Circo d'Artisanos» da Cruña—que publicaremos axiña—y-á fin d'un xantar co que o agasalláron algú dos seus admiradores. ¡Non tivo vergonza d'empregar a nosa lingua!

¿Cándo o imitarán os que se chaman seus millores discípulos!

## CADRO MOURO

N'unha festa rexionalista (1) en honore a Rosalía Castro, que tivo feitaura no Teatro da Cruña, soyo faláron en gallego, y-en renglós curtos, algú enxebres das nosas letras. Os mais todos expresáronse no castelao. E pra remache do cravo, un poeta, bon poeta, nado en Galicia e que vive preto d'Ourense, leeu uns versos castelaos, facéndose, de costas o sufraxio universal, representante de Castela. Cuneirismo poético se chama esta figura. ¡O gallego non da fama nin proveito na Corte!

## OS POETAS D'AGORA

## A traxedia das follas

Son os días de Outono.

Son os días en que cayen desfeitas, sin arume, as derradeiras rosas.

En bandadas,

sobre do mar, aléxanse, chilando, cara ás terras do Sol, as andurifias.

O chan escuro; brétemas nos vales. De curuto en curuto, a tombos, rodan as apromadas nubes da tromenta, y-os bruxos estorninhos, enloitados, rayan nas néboas brancas, abafantes, os misteriosos circos dos conxuros. Vai alodado o río.

Leva arrastro

as táboas d'un portelo apodrecido e, co-as ponlas ó aire, os ameneiros arrincados a pe.

Como pantasma

de antigos frades, en medosa noite, da igrexa en terra no desfeito coro, na veiramar, os altos pinos fungan o responso da morte da campia. Como se laya, cando cai a tarde, a campana da aldea!

Cómo chora

supricante, doída, pol-os tristes que sobr-as augas loitan sin amparo y-os que antre sombra e neve van a tentas o través da montana sin camiños! Dos olmos da vereda, dos parralles, do agoento salgueiral, enronquecidas, barbullantes de enoxo, sayen voces que ruxen bravas os trementes versos da traxedia das follas.

¡Ou tristexa

dos arbres sin paxaros nin follaxe! ¡Ou impiedá do vento pol-o outono! Chega o refacho y-o carballo envolve; tronza y-esgasa as ponlas; as follañas que se queixan mimosas arrincando, xoga con elas un instante; lévaas ó longo do camiño; contra un valo váin-as xuntando, pouco a pouco, en feixes; destréznase de pronto en remufños, ergue o motón, encarraxado brúa e, baténdoas con rábea tola, guindaas nas rodeiras dos carros antra-a lama, nas cunetas de fondos enlaxados ou nas revoltas augas d'unha aberta...

¡Como esas follas, meus hirmáns gallegos!  
¡Como a ispidá arboreada, a terra miña!  
¡Como ese vento, tráxico e bruante,  
os malditos caciques que a asoballan!  
¡Meus hirmáns, meus hirmáns como esas

[follas!

O legón antr-as mans, no peito a espranza veunos a roiba primaveira, abrindo o secano que a xiada endurecera. Co-as peiras do suor cinguindo as frentes, o sol do vran labareóulle as costas, mentras os brazos áxiles movían as segadoras, rebrilantes fouces.

O vil-o outono, ricos na probexa, bendeclan a Dios pol-o milagre das mazorecas douradas e ridoras, dos follatos y-a palla garimosa e dos áxios que enchían as tinallas, cando entraron nas chouzas as gavillas de ladróns a xornal,—recaudadores, escribanos, alcaldes e foreiros,—que amostrando os trabucos impofientes das obrigas y-as rendas y-os repartos, arrasaron a aldea que tembraba... ¡e quedaron valdeiros os piornos!

¿Cóm-as follas no vento! ¡Onde Dios

[queira!

¡Lonxe, ben lonxe! ¡Onde o recordo morra!  
¡Onde a vista do vello campanario y-a vos dos fillos non anube a y-alma!  
¡Onde o door non cegue e faga un día erguel-o sacho pra vingar a fame!  
Y-alá van!

Dend-o pazo da ribeira,

o negreiro cacique que os empuxa a saída do barco axexa rindo. E verá que son moitos e van lexos, mais... ¡sobra xente! ¡a ducias sin quei-

[xarse,

a mansa aldea, frábica de escravos, cobre as baixas do exército dos probes!  
Deixal-os ir... que loiten!

O que trunfe,

si chega a libertar do embargo a chouza, deixará na súa ucha de banqueiro rendimento e quiñón. ¡Por mais que faga non fuxirá das uñas lagarteiras!  
Diol-os acolla!

¡Baixo iflorados ceos,  
co-a nostalgia dos eidos mimosifios,

sobre do peito a pouta da morriña que afunde as almas como murcha os cor-  
[pos,

o cair para sempre no desterro sin o hico dos seus, sin o consolo de dormir baixo a terra garimosa do adro frofido, na nativa aldea, ni-unha crus, ni-unha pedra, ni-un letreiro falará dos seus dores ni da impía man traicioneira que os botóu da patria.

¡Cómo as follas no outono! Como as follas que do vento o bruante remuíño guinda nas augas podres d'unha aberta ou enterra na lama d-un camiño!

RAMÓN CABANILLAS.

## Custiós económicas

## OS TRIGOS E AS FARINAS

Moito—ben e mal—se ten falado e escrito sobre da custión do millo na Galicia. E nos diremos tamén algunha cousa sobre d'ela n-outra ocasión. Pero, importante como é o tema do millo, nas circunstancias d'hoxe temos de o deixar polo d'agora para abondar na discusión que é actualidá nacional d'España: a do aprovisoamento de trigos e farináas.

Non son os labregos soasmentes os que viven na Galicia; tamen hay gallegos nas vilas; que comen pan que n'é de millo nin centeo.

Os que costuman de mirar as cousas antes de qu'estas se nos oferezan co caráuter de confritos inevitabres, xa saben que hai moito trigo en Castela pero que nin co él nin c'o pouco que se foi importando día a día, abonda pr'as necesidás do país.

Mais d'esto: os prezos dos trigos e das farináas levan vía de rubir ás nubes.

Qu'os trigos que o país produz non chegan para a susistencia da nazón, próbao feito de que nos anos de 1909 a 1914, inclusive, houbo necesidá d'importar 211.000 toneladas por cada un ano, termo medio. E hai que faguer conta de que as colleitas dos anos 9 a 12 foron das millores.

Cant'os prezos, abonda con ver as cotizaciós do día: 42, 43 pesetas pol-os cen kilos, catro pesetas mais caro que na Franxa ou na Ingraterra, naciós onde á guerra ten de faguer sentir mais directamente os seus danos.

Así están as cousas. E por ant'esto, a un ex-Ministro que leva soa d'entendido na fazenda non se l'ocorre mais que decir no noso Teatro que é preciso renovar a vixencia da lei de susistencias, e ao Goberno se lle dou sementes por meter presa na aprobación d'esta lei.

Nentramentes, os Estados Unidos e a Arxentina fan saber a os nosos importadores por medio da Xunta de Control ingresa, que xa non mandarán trigo a España. Haberá, pois, que tratar directamente cos productos americanos, e ter barcos dispostos para tragner o grao. E esto non é cousa fácil.

Son culpas pasadas, imprevisiós dos primeiros tempos da loita, as que temos de pagar agora.

Si s'houberan feito mercas de trigo e compromisos para outras en cantidá e tempo debido, cuidando mais que do día que se vive, non toparíamos n'estes momentos coa mitá das dificultás.

Pero moitos políticos están interesados directa ou indiretamente no acaparamento, e outros falan moito sin darse conta d'al. Xa nos dirán.

F. MARTÍS MORAS.

## ORIENTACIÓS

Cando eu digo, ¡Terra a nosa!, non quero facer agravio ás outras rexións hispánicas supoñéndolas inferiores; o meu desexo é que un andaluz, un catalán ou un nado en Castela digan tamén cada un na súa fala: ¡Terra a miña!

Este concepto que expresou quen non hay moitos días foi aclamado mestre do movemento da Solidaridade gallega que rexurde, envolve un d'eses conceptos craves, que se agarran pol-o gráfico da expresión e definen unha política ou un programa.

Cando un di da súa nai qu' "a mais santa das mulleres", e de si mesmo "qu' e o mais leal dos homes", verdadeiramente non quer significar sinón o desexo de non acharse inferior a ningún; que ningún lle empate no que considera a esencia dos seus mellores sentimentos e da propia estimación.

Que cada gallego pense que non hay terra como a súa, que non hay fala mais rica nin mais doce, significa mais que outra cousa poñer ánimo e vontade en que os alleos nos den creto n'esa, porque a opinión que de nos teñan os estranos é o que forma a nosa honra: non o que de nos pensemos, mais o que de nós pensen os outros.

Lere cada gallego por diante o lema "¡Terra a nosa!" qu' e o mais enxebre vitor en terras de Galicia,—según D. Rodrigo Sanz nos fixo entender na memorábel conferencia que dou na Reunión de Artesanos a rogo da nosa Hirmandade de Amigos da Fala—, e os nosos atos e os nosos pensamentos inspirados no amor de Galicia farán que sea respetada a querida pol-os alleos, que nos darán a honra que merecemos.

Atemos ás outras rexións españolas para que nos amem: que a simpatía é un movemento recíproco de ánimo e non poderemos pretender axuda nin amor de quen sexa tratado con desvío por parte nosa.

Para xuntarnos no santo amor de Galicia fai falla o fazo que nos é mais común: noso idioma, do que nos será muy útil pensar qu' e o mellor do mundo; mais non pretendamos que o *castellano* e una lingua inferior; non nos esqueza que o *castellano* si ben nado en Castela, amamantou en Galicia, e hoxe é o idioma español, que debe a todas as rexións hispánicas e singularmente a Galicia que lle dou a mais valente xeira para facelo home, a soberanía, a nobreza e a maxestade de que goza sobre todol-os da Terra.

Cando vos digan—como xa nos dixeron ós amigos da Fala—qu'empreamos xiros e palabras do español para escribir e falar en gallego, ou sea que o gallego que escribimos foi antes pensado en *Castellano*, e que non falamos o idioma dos nosos labregos, invítade a quen tal cousa diga a que exprese ideas do século xx ou simplemente que fale de cousas marítimas no *Castellano* que sabe un pastor das Urdes ou das serranías de Cuenca; decídelle que o noso idioma, como o río Guadiana agachouse mais non se perde; deixou de ser lingua literaria durante catrocentos anos pero xurdiu da cova ó descuberto mais grande e mais pulido; que os gallegos fixeron entramentes literatura *castellana*, e que hoxe teñen dereito a recoller a riqueza que acubillaron no idioma español; que toman d'él o qu' e seu, o que tería o gallego de haberse cultivado n'eses

catro siglos que s'escondeu na súa forma escrita.

Cavilamos que non é lóxico acudir ó Portugués, como fan moitos, para remediar as fallas que o desuso creou na nosa lingua; non foi o gallego o que desviou do Portugués; foi o Portugués; foi o Portugués que derivou do noso curso desque foi nacionalizado: as nosas augas correron pol-o gran cauce castelán, e d'este debemos recadalar río abaixo, non augas arriba onde o rígueiro lusitano desviou definitivamente. "Fun a vila e avergoñeime, vin á casa e remedieime", é un refrán dos vellos que podemos aplicar a quen coidase que deberíamos emprear "século" "dúvida" "vontade" "empregar" etc., no canto das palabras de igual significado, que van escritas.

Debemos pensar tamén que non sería bó renunciar á posición que ordenaron ó noso favor a Xeografía e a Historia; é para nos doada a fala da que aínda é hoxe terceira potencia colonial do Mundo, e podemos expresararnos no idioma que axudamos a implantar na América española sin facer estudo especial do Portugués nin do Español ó Centralismo, noso verdugo, debemos ese beneficio, como a certas guerras son debidos algunhos pequenos adiantos e como á peste debemos boas costumes hixienicas e sanitarias.

Enxamáis acontecerá a un gallego pedir, como escoitamos a unha dama portuguesa das Insuas da Madeira, leccións d'Español por sérenlle precisas para trasladar a súa vida a Buenos Aires. Un gallego, do mesmo xeito se goberna co-a súa fala no Macao asiático que nas Pampas americana.

Podémosnos gabar d'esta condición que non teñen outros cidadáns hispánicos, e "non desprezando a ningún", como e cetera decir na nosa terra, ¡Terra a nosa!

JOSE IGLESIAS ROURA.

## ADEVERTENCIAS

O primeiro número d'este boletín, non demostra ben o que han de sere os mais. Foi feito de presa, porque tiña que saír n'unha data fixa, con apremio de tempo.

Ante outras seicións, "A NOSA TERRA" terá as seguintes: "Os poetas d'agora", "Estudios económicos", "Lendas gallegas", "Traducións", "Queixas dos pobos", "Follas Novas (crítica)", "Ouro vello", "O pensamento da xuventude (tribuna libre)", "Novas da causa", "Peneirado", "Caricaturas sin cliché".

—Rógaselles ós colaboradores que non fagan traballos longos, pois a amenidade do noso boletín, require cousas curtas.

Cantos reciban este boletín e non-o devolván, serán tidos por suscritores.

Ós nosos amigos de fora da Cruña, rógaselles manden cuberto a administración de "A NOSA TERRA" o boletín de suscripción que vai na derradeira páxina.

—Como esta revista leráse moito, en toda Galicia, en América, en Portugal e nas colonias gallegas d'España, pode prestarlle bos servizos ós anunciantes, por poucos cartos.

E xa soyo nos resta saudar a todol-os grupos da nosa Hirmandad y-a todol-os colegas gallegos.

## FOLLAS NOVAS

CRITICA DE LIBROS

"Fagamos do cultivo do noso idioma unha relixião de homes dinos."

(D'os "Apuntes para un libro" por Antón Villar Ponte.)

Hai xa días recibin un traballo que debe chegar ó coñecemento de todol-os gallegos. Chámase "Nuestra afirmación regional" e debémolo a pruma tan nomeada de Antón Villar Ponte.

Quixeno ler axiña, pro hastra onte non me foi posibre, porque unha enfermidad m' obrigou a estar no leito hastra onte mesmo.

Sabia eu que sendo un traballo do gran fillo d'a nosa terra—tan bó o fillo, como bo a nai—tiña que ser cousa de moito proveito.

E abofellas que acertei. Esa "afirmación" é tan nosa, é tan de Galicia, que temos, que debemos facela tamén os demáis, ús e outros, cantos queiramos loitar pol-o resurxemento d'as nosas gromías.

"Loitar" dixen, e non m'arrepinto, porque sei que o restablecemento da nosa fala hastra levala de novo ós libros dos nosos escritores e as conversacións dos nosos lares e a coñecencia de todos, hay moito que facer (a "santa cruzada" a que nos chama Villar Ponte), pois si os inimigos da yalma, que tanto a fan sufrir, son tres, os inimigos da nosa fala non son menos nin mellores.

Eu espricome que un non s'esforce en d'aprender e falar un dialecto de pouca vida, d'isos que hay pol-o mundo que mais son fillos da ignorancia d'un idioma que se desfai na lingua dos que non-o entenden, que mais nacen da currucción do que mal escoita, que d'as necesidás d'os pobos e d'a historia d'as rexións; pro unha fala tan admirábre coma d'esta terra, tan ferriceira e agarimosa como é a de Galicia (por Dios d'o Ceo que da pena qu' non s'escriba e fale mais, e, o qu' e inda pior, qu' tantos hirmáns nosos s'avergoncen de falar o pouco gallego que coñozan, ou teñan a gala o decir que non-o saben.

¡Meus proñiños! Pois pol-o mesmo que non-o saben, non-o falan, que si o soberano com' e depido xa o falarían de cote, e non saberían falar de suas nais sinón en gallego, nin acertarian a falar co as suas noivas, y elas co eles, senón en gallego. Tiro a decir que d'os centos de lénguas que n'a terra se falan, n'habera de certo ningunha que millor cante os amores d'a yalma e mellor disperte os latexos d'o corazón: ela cal ningunha, fai o milagro de que n'as suas palabras creza o amor d'o mesmo que as di, porque ven a ser a fala gallega, c'a dozura que Dios lle dou, un linguaxe propio d'os ánxeles e o único que poden falar, si o saben, dous gallegos que ben se queiran: eu vin sempre como os amigos canto mais amor se teñen, mais emprean a nosa fala, e mis a emprearian aínda si mais se sobera.

Pra alborotar e reñir calquera léngua sirve abondo, pro o qu' e pra quererse... n'hay linguaxe com'o noso.

De cantos idiomas veñen d'o latín, d'isa fonte sempre fresca, que mais que fonte poidéraselle chamar maxestuoso mar, estou moi certo de que ningún se presta tan ben com'o noso pra dispertal-os sentimentos mais fondos d'o peito e cantalos, pra falar agarimos e escribil-os, pra dispertal-os xenios e facer poetas.

O esquecida que está hoxe a nosa fala, a imortal Rosalía Castro cicais houbera mor-

to si a léngua en que escribenu non tivera ese sentimento que non pode morrer aentras Galicia teña un fillo que seipa selo.

Quitádelle á "Virxen d'o cristal" o doce d'o espírito gallego; poñede n'outro idioma os subrímes pensamentos de Rosalía e veredes un corpo que s'empobeece; xuntad'os versos gallegos c'os castellanos de Añón e decideme si hay comparanza; poñede en castellano "Por mor d'unha copa" de Lamas Carvajal e xa me dirés onde vai a viveza que ten. Pro poñede en gallego unha poesía calquera que sea d'o voso xeito e veredes como sin darvos conta, haçádela mais sentida. Mentras haxa ríos de tanta auga en Galicia non morren os nosos vales, que son d'os millares d'o mundo; mentras podan andar os nosos labregos, que son os mais sufridos d'a terra, Galicia mantén a Galicia, e, aínda escrava como está, tendo que manter a moitos mais, a nosa terriña vai dando pra todos; pro, por eso, fai falla ir mirando por nos, que pouco a pouco as enfermidades consomen a vida, e a escravitu é a morte d'os pobos...

Así tamén mentras haxa gallegos como Villar Ponte tan amigos d'a terriña, a nosa fala non morrerá, pro...

Pro Galicia chora, a nosa nai xeme cobizosa de qu'os seus fillos volvan por ela. Deixou esquecer os seus dereitos e agora temos que levantarnos todos pra rompelas fortes cadeas con que se deixou atar; deixou esquecer a sua fala facéndose escrava d'outra menos que ela, y hay que devolverll' esa fala, qu'è devolverll'a liberdá.

Xamáis con tanta verdá se pode decir que o amor ó linguaxe d'os pobos é a medida d'o seu valimento.

¡Gallegos, amad'a fala gallega, e seremos canto queiramos!

¡Seguid'os consellos de Villar Ponte y a direición de todol-os bos amigos da fala!

Pol-a miña parte, dareivos un consello: cando faledes gallego (faládeo sempre) non inventés palabras pol-o medo de que sean d'o idioma castellano, que si son castellanas, poden ser ó mesmo tempo gallegas, pois sendo antrambas a duas lénguas fillas d'a mesma nai, né posíbre separal-as de cote, nin hay pra qué, porqu'ó fin e ó cabo entre todol-os fillos—mal que nos esté o decilo—somo o millorriño que hai.

"Non lonxe, ha de vir un tempo en que sin sair d'a terra, terán traballo os que hoxe van a buscalo n'as segas.  
¡Cánto tardas, cobizada rexeneración gallega!"

E. VAZQUEZ GUNDIN.

Ortigueira 16 outubro 1916.

**FUNQUEIRAZOS.**—Contos gallegos por Roxelio Riveiro.

Hastr'as nosas mans chegou un librín imprentado pouco tempo hay en Pontareas. Escribiuno Roxelio Riveiro e ten por nome o de *Funqueirazos*. Trátase de un feixe de contos gallegos y-esto fixonos recuar un pouco, rascando a orella denantes de abri-las follas do volume. ¡Hai tan pouco, por disgracia, en que escoller n'esta materia!

E vello mal entre nos o de coidar que os contos gallegos chamados churrusqueiros han de ser por forza, cadre ou non, da córda berza cando non do tomate. Algúns que empregan o seu tempo en axuntar ditos e romances pra dar folganza ao espírito entre reuniós adiyirtidas, xulgan que canto mais piquen e magoen os ouvidos as salidas do seu inxenio, mais enxebreza habrá neste. ¡Malpocado quen de tal sorte pensa!

Cantos temos pasado algunha parte da nosa vida nos rúeños aldeás, sabemos d'abondo que hay en boca de petrucios sen'encias e lendas que ensinan ben hastra donde chega a sotleza do espíritu rexional. Limpas de verbe e de pensamento, hay centos e centos de contos gallegos que cautivan a quen-os escoita. ¡Pra qué fozar nas lameiras si a risa y-a finura da moralexá lópanse mais axiña fuxindo das parolas bermellas?

Os contos que D. Roxelio Riveiro chama *Funqueirazos* coxean un pouco do mesmo pe que nós topamos dino de ser cortado do noso léxico. Hay neles, no oustante, madeira boa, sana e forte, do tronco enxebre, y-esto aconséllanos chamar a porta intele-tual do autor e pidirille que suba da cova ao sobrado, sacando d'alí o froito maduro, ben limpo e relucente que sirva de proveitoso xanlar a fala gallega.

En *Funqueirazos* hay contos que deixan magoa no leitor; haynos que chantan os dentes nos costumes de cregos, e firen e rachan sin piedade; haynos que pasan un anaquiño mais alá do camiño da picardía que a boa crianza consinte; pero, haynos tamén que son craro espello dos feitos aldeás e da raposería e a gracia da terra, sin ferir sentimentos nin credos. Por eiquí, por eiquí, D. Roxelio. Tal é o camiño dereito pra chegar a donde seu mérito merece.

Seipa, pois, o señor Riveiro, que temos leido ous seus *Funqueirazos* e que lle decimos a verdade, sin requisitos nin lerías.

En outro número de este Boletín daremos aos lectores algunha mostra dos traballos do señor Riveiro. Téñanos éste por uns bos amigos.

R. FAGINAS.

## A CRUS

(CONTO)

Aquel día non se falaba d'outra cousa na aldea. Chegaria da Cruña pol-a tarde un revolucionario chamado D. Rafael, que andaba predicando en contra dos curas e da relixión, coitando que o que certas xentes cavilan nas vilas pódese facer e dicir entr'os labregos. O cura da freguesía xa tiña avisado á todol-os veciños que de ningunha maneira escoitaran a parola do revolucionario. Pero como aquilo que mais se nos priva é sempre o que mais nós degora, espertárase o desexo de iren á oílo.

Acórdome como se fora hoxe, inda que fai mais de corenta anos que socedeu. Ne soute pequeno, á caron do mesmo cruceiro de pedra que ten un cristo moi ben tallado, erguérase un palco,—coma o que aínda hoxe s'ergue en Riobao para botal-o sermón do antroido,—cuberto de loureiros e de xabana. Enriba de todo estaba ergueita a ha bandeira amarela e bermella, que o vento arrandeaba docemente sobre da cruz, na que algunhas veces quedaba envolta como en solee e agarimosa aperta.

Por fin chegou don Rafael o *Redentor*, como lle chamaba o escolante, que era moi seu amigo, e, según as mala linguas, tiña as suas mesmas opinións. Diante viña o gaitero Chinto, mais teso que un esteo, tocando unha argallante e leda muíñeira; e ó seu rente, un paisano botando foguetes.

Como era unha tarde de día de festa, xuntárase moita familia. Alí non faltou Martiño, qu'era un vello con mais *somora* que un andalús e mais retranca que un cacique riñán. Estaba arrimado ó palco, púlpito ou o que fose, sin quitar ollo do predicador forasteiro.

Don Rafael subeu ó taboado, e comenzo

a falar en castelan, empregando verbes que non entendiamos ben. Era unha lástima, abofellas, que non houbera falado en gallego, que daquela entenderíamolo mellor. Pero estas xentes da vila son así: falan entre nós sin decatarse de qu'están en Galicia.

Falou en contra dos caciques,—e aquí apraudin canto puiden;—dixó que os pobres éramos carne de cañón, que sobre de nós pesaban todol-os trabucos conque se mantián os zamezugas da política; que nas escolas d'aldea non se ensenaba cousa que fora de proveito para os labregos;—e n-este tamén se lle dou a razón.—E despóis arrematou dicindo certas cousas da nosa relixión, que inda nada dixésemos, non nos facían moita gracia.

N-este momento o taboado, palco, ou o que fose, chirriou un pouco. Despóis emendrellouse de todo facendo un grande estrondo. Don Rafael deu un pulo para nos derrearse, e quedou fortemente abrazado a crus, cos ollos abertos d'unha cuarta coma se para él fora chegada a fin do mundo.

—¡Ouh! señor don Rafael!—dixó entonces Martiño,—se non fose a crus levábao a demo!

A risa da xente foi moita. Eu digovos, en verdade, que me dou moito que cavilare o dito de Martiño, que mesmamente ten máis sabidencia e intención que moitos homes de letras.

ASIEUMEDRE.

A XENTE D'ESTE BOLETIN

### Redatores e colaboradores:

Ameixeiras, Banet Fontenla, Barreiro (Lisardo), Blan-o Torres, Balás, Baldomir, Bidgain, Cabanillas, Cabeza León, Cabo Pastor, Comellas, Calvo, Carballal, Carreira, Civeira, Charlín, Dato (Filomena), Dávila, (Julio), Escudero, Faginas, Fernández Mourriño, García Hermida, Gastañaduy, Herrera (Francisca), Hermida, Iglesias Rouza, Manuel María González, Lugris Freire, López Abente, Lence Guitián, López Carballén, Murguía, Martínez Fontenla, Martínez Salazar, Martínez Morás, Montenegro Saavedra, Mariñas, Noriega Varela, Novo Peña, Oviedo Arce, Pérez Luxin, Fondal, Porteiro Garea, Pena Miró, Pernas Nieto, Plá Zubiré (Xan), Portela Pérez, Pérez Placer, Rof Codina, Ribalta, Rodríguez González, Rodríguez López, Rodríguez Elias, Rey Alviña, Sanz (Rodrigo), Tettamanzy, Taibo (Victoriano), Toubes, Vaamonde, Villanueva (Valentín), V. Santos (Xan), Valcarlos Ocampo, Valcárcel (A.), Vazquez Gundin, Villar Ponte (A. y R.), Xil Casares, Casal e outros.

PALABRAS DO MESTRE

### Os fundamentos

... E neste sea principio o faláremos en gallego, que xa será un parlino dos estimados pra quen somentes en gallego sabe falar...

Andéamos ledos sin azedos receios nin cortedades, indo por toda a nosa terra, como por eiras e leiras d'irmás, mirando labores, admirando paraxes, oindo cantos, escoitando lendas, garimando neninos, parolando con mozos e vellos... E neste e prinzipio sea deprender os nosos alalás e alboradas, os cantares e tonadas dos nosos campos, ou deles recollidos pol-os nosos mestres en música e poesía.

E traballemos, traballemos a reo e de reo.

ño, coas más e co maxin, animosos e firmes, estudiando e mais facendo, trazando e mais enprendendo, en labranzas e finanzas, minas e frábricas, trafego de mar e de terra, camiños i escolas, ministración e goberno... E neste sean principio as custións económicas do noso laboratorio que todas foron xa formuladas nas Asambleas agrarias de Monforte e Ribadabia.

Falar, cantar e traballar, velahí os fundamentos ben atopadeiros do quen qe tanto afanamos. Ese quen virá enriba deles, e se verá e salirá do chan, como a casa sobre dos cimentos. Cimentos son: o traballo como as pedras, o arte como o cal, a fala como a augua da fonte que fixo a mescrea, e despois a do ceo que filtra por todo i o maza.

Son os mesmos medios e modos para calquer rexión, e mais para calquer home. Porque un home ha de falar pra vivire por sí, e canto mais falando e de falas mais suas, menos calquera; ha de cantar ou gustar de música ou versos, pra ter corazón, e canto mais corazón e mais cheo mais home; i a de traballar para medrar, e tanto mais traballador e desperto (sendo honrado) mais rico, mais respetado, mais influente, mais quen...

Sí, sí. Falemos en gallego, e seremos mais uns. Daprendamos cantares dos campos e cantos dos mestres, e seremos mais nosos. Traballaremos, énfín: qe a compás de mais nosos e mais uns, iremos sendo puxantes estudiando i enprendendo labranzas e finanzas, minas e frábricas, camiños i escolas, ministración e goberno desta nosa terra qe saudamos có reloucado viva: ¡Terra a nosa!

RODRIGO SANZ.

## PENEIRANDO...

Urzaiz, Urzaiz...  
Armouna boa. Alborotou a xaula de grilos do Parlamento.

Pro non deu no cravo.  
Falou de prevaricacións, e botou man do Dicionario e do Código Penal.

E todo ¿pra qué?  
Pra que lle chamasen o "Anxel" malo. B logo din que é "da oliva" o pobo que él representa nas Cortes.

Urzaiz semella un felgo.  
Mais non soubo sair ben do paso honroso. Foi un Don Suero de *doubté*.

Porque imos a vere: ¿Non somos todos prevaricadores?

¿Non prevaricaron os nosos primeiros pais?

Logo... ¡A Biblia!

Sabiamos que en Arzúa, pobo que está á man dereita indo pol-a cabeceira da Diputación provincial da Cruña, hai unha rúa que se chama de Guillermo II. (*sic*).

E agora, cando vimos que un "Beño Trompeta" tomou por asalto a cota 29 da vila arzuana, sin disparar un soyo tiro, dixemos pra o noso chaleque: ¡Viva a Caciquía (léase Galicia) guerreira!

¡Que novo lenzo de tipos d'Arzúa podería facer Sotomayor!

Con tubos de óleo... democrático-hidráulico unxido de cuneiros.

Xa se coñece, Solidaridad, que, inda tendo nome de muller, non te chamas Emilia.

D'os sucesos do Porto do Son, ¿qué? Que... son... son... son moitos mais. Osera fora.

Fai algún tempo, leimos que os médicos forenses de Pontevedra nomearon persistentemente honorario seu ó conde de Romanones.

Bon homenaxe ó médico do Pobo.  
Y-os de moitos outros pobos.

¿Outra asamblea na Cruña?  
¿Outro viaxe d'outra comisión a Madri?  
¿Outro "programa mínimo"?  
Así din de Santiago. E non nos parece mal.

Veña, veña a nova ventoleira de proxectos. Veña a nova chuvia de telegramas. Siga o temporal *reformista*. E fágase outra reprise de "A cea das bulras", pol-os afeccionados cruñeses, en Madri.

Todo-os días se preguntan nos ministerios e nas redaccións dos xornales da Corte:  
—¿Houbo algún telegrama da Cruña?  
¿Non veu aínda? ¡Malpocado! ¿Qué pasará?

Hai quen di que axiña pregoaránse na Porta do Sol, da Corte, unhas historias, c'o este xeito:

—¡¡Apuros que pasaron un Abade y un Alcalde gallegos o chegar a Madri!!

E hai tamén quen'se lembra d'us versos do *Quirote*, parodiándooos d'esta maneira:

Non... viaxaron en balde  
o un nin o outro alcalde.

## MÚSECA E PINTURA

¿Que lles parecería ós nosos lectores o feito de que, na Cruña, alá para a prínaveira ou o vran, estrenárase unha ópera gallega, en gallego, letra do gran poeta Cabanillas e música do mestre Soutullo, con decoracións de Castelao e interpretada, entre outros artistas, pol-as señoritas Nieto e Trapote?

Pareceríalles ben, moi ben, de fixo. ¿Non é certo? Como que sería ademais un bo paso en pro do teatro gallego.

Pois... poidera ser que fose. Non é cousa doada, pro... xa veremos.  
Pénsase nelo.

Tamén pénsase, como sabedes, n'unha Exposición de pintura gallega idea do artista Sotomayor.

Pois si se fai esta Exposición e s'estrena aquela ópera, bon ano pra Galicia.

¡"Liga d'Amigos" cruñesa, amantes do arte rexional, fagamos ambiente! E o momento.

## TRADUCIÓS

### A PREHISTORIA

CONTTO ESTRAVAGANTE DE AZORIN

Estamos no comenzo do comenzo.

Wells.

—Bos días, querido mestre, ¿cómo lle vai?  
—Xa o ve; sempre no meu taller abofexado c'o a miña grande obra.

—Fala vosté d'esa obra admirabre, que todos agardamos: *A Prehistoria*?

—Certamente; n'ela estou ocupado n'estes momentos. Xa pouco falla pra que a dea por finada.

—Haberá vosté chegado quizáis ós lindefros das épocas modernas da historia?

—Acabo, si señor, de poñer as derradeiras liñas a miña descrición do periodo da electricidá.

—¿Será un interesante periodo ese da electricidá?

—E o derradeiro estado da evolución do home pirmitivo; xa dende eiqi comenza a fonda trasformación que os historiadores conocen, é decir, comenza a eira do verdadeiro home civilizado.

—Moi ben, querido mestre. E ¿logrou vosté moitas novas d'este misterioso y-oscuro periodo?

—Logréi, ante todo, determinar como vivían estes seres estranos que nos precederon a nos no usufruto do chán. Sei, por exemplo, d'unha maneira certa que estes seres vivían axuntados, amontoados, aprefullados en aglomeracións de vivendas que, o parecer nomeábanse *cibdades*.

—E verdadeiramente curioso o que vosté cóntame. E ¿cómo poderían vivire estes seres n'esas aglomeracións de vivendas? ¿Cómo poderían respirare, movérense, bañárense no sol, gozare do silencio, sentire a sensación doce da soedá? E ¿cómo eran esas vivendas? ¿Eran todas d'un mesmo xeito? ¿Faciannas diferentes, cada un ó seu autotoxo?

—Non; estas casas non eran todas igoeles; eran difrentes; unhas maores, outras mais pequenas; outras molestas, estreitas.

—¿Dixo vosté, querido mestre, que unhas eran estreitas, cativas, molestas? E dígame vosté, ¿cómo podería haber seres que tivesen o gusto d'habitare en vivendas molestas, estreitas antihixiéricas?

—Eles non tiñan este capricho; pro forzábanlles a vivire d'este xeito as circunstancias do médeo social no que se ahalaban.

—Non enxergo nada do que quer decirme.

—Quero decir que nas épocas primitivas habia uns seres que dispoñían de todol-ós médeos de vivire, y-outros, en troques, que non dispoñían d'estes médeos.

—E intrésante, estrano, o que vosté me di. ¿Por qué razón estes seres non dispoñían de médeos?

—Estes seres eran os que entón chamábanse *probes*.

—¿*Probes*! ¿Qué berve tan curioso! E ¿qué facían eses *probes*?

—Eses *probes* traballaban.

—¿Eses *probes* traballaban? E si traballaban eses *probes* ¿cómo non tiñan médeos de vida? ¿Cómo eran eles os que vivían nas casas cativas?

—Eses *probes* traballaban; pro non era por conta de seu.

—¿Cómo, querido mestre, pódese traballar si non é por conta d'un? Non-o entendo a vosté; espriqueme vosté esto?

—Querse decir, que este seres que non tiñan médeos de vida, c'o ouxeto d'achegarse a manutención diaria axuntábanse a traballar n'uns edificios que, según averigüéi, levaban o nome de *frábricas*.

—E ¿qué viñan ganando con axuntarse n'esas *frábricas*.

—Alí todol-os días dabánlles un *xornal*.

—Di vosté ¿*xornal*? ¡E será este algún nome da época!

—*Xornal* é, certamente, unha verba que oxe non comprendemos; *xornal* era un certo número de *moedas*, que de cotío exudicábaselles pol-o seu traballo.

—Agarde un pouco, querido mestre; perdoeme vosté outra vez. Ouvin que dixo vosté *moedas*. ¿Que é eso de *moedas*?

—*Moedas* eran uns anacos de metal redondos.

—¿Pra qué eran ese anacos de metal redondos?

—Estes anacos, entregándoos ó dono d' unha cousa, este dono entregaba a cousa  
—Yeste dono non entregaba a cousa si non lle daban estes anacos de metal?  
—Parece sere que non l'as entregaba.  
—¡Abofé eran ben estranos este donos!  
¿E pra que querían eles estes anacos de metal?

—Parece sere tamén que cantos mais anacos d'estes se tiña era millor.  
—¿Era millor? ¿Por qué? ¿E que estes anacos non-os podía tere todo o que os quixera?

—Non, non podían tel-os todos.  
—¿Por qué razóns?  
—Porque o que os collía sin seren seus era pechado n'unha cousa que chamaban o cárce.

—¡O cárce! ¿Qué significa eso d'o cárce?  
—Cárce era un edificio onde metían a uns seres que facían o que os mais non querían que fixesen.

—¿E por qué eles deixábanse meter ali?  
—Non tiñan outro remédeo; había outros seres con *fusiles* que obrigábanlles a elo.

—¿Ouvin mal? E *fusiles* o que vosté acaba de me decir?  
—Dixen, si señor, *fusiles*.

—Que é eso de *fusiles*?  
—*Fusiles* eran unhas armas das que íban guarnidos algúns seres.

—E con que ouxeto levaban os *fusiles*?  
—Pra matar os mais homes nas guetras.  
—¡Pra matar os mais homes! Esto é abante, querido mestre! ¿Matábanse uns homes a outros?

—Matábanse os homes us a outros.  
—¿Poido creelo? ¿E certo?  
—E certo: doulle a vosté miña palabra d' honore.

—Vaime vosté a deixar parvo, abrayado, querido mestre. Non sei que é o que vosté quere decir co as derradeiras palabras.  
—¿Faláis do honore?

—Perdoe vosté; esta é a miña obsesión actual; este é o punto fraco do meu libro; esta é miña fonda contrariedade. Repetín infinitivamente unha palabra que v'n espallada a oito nos papés da época, sin chegare a atopar o seu sentido. Espriqueille a vosté o que eran as *ciudades*, os *probes*, as *frábricas*, o *xornal*, as *moedas*, o *cárce* y-os *fusiles*; pro non poido espricarlle a vosté o que era o *honore*.

—Quizáis esta era a cousa que mais toleaturas y-aduanadas facía cometer os homes.  
—E posibre...

AZORIN.

NAZIONALISMO GALLEGO

## UNHA MAXISTRAL CONFERENZA

O "Eco do Teo", boletín que se publica en Bos Aires, no derradeiro número da onocere a notabre conferencia que, na sua ideoación, pronunciou o 21 de setembro Xaquín Pesqueira.

Todos sabedes quen é Pesqueira. Pol- mesmo abundaría c'o dito pra que naide udase xa dende agora de que a conferencia n cuestión ten total-as características d' unha obra maxistral.

Esa conferencia, como a de Rodrigo Sanz, lémostan que hay na nosa terra pensados, tan fondos que fan posibre o espreguamento do optimismo y-a esperánza nun orvír fecundo e grorioso.

Noméase a de Xaquín Pesqueira "Os nacionalismos ibéricos.—O nacionalismo gallego. (Exéxesis d'un folleto do Sr. Villar 'onte)".

E traballo pra divulgar; traballo brillante, feitaura d'un esquirtor novó moi gabado ol-a intelteitualidade arxentina.

Dada-l-as suas dimensións non e posibre ibricalo oxe. Pro terá cabidá n'outro nú-

mero d'este boletín. Convén que o conozca a xuventude gallega. Mais, namentras non salla a luz, nosoutros mandámoslle a nora-ba, c'unha aberta, a Xaquín Pesqueira. Logo todol-os leitores axuntaránse a nos pra apraudilo.

INTRO BELLO MANOEL Y-O RAPRAS CHINTO

## LERIAS DA VILA

—Vestir de semellante maneira que os señoritos e levar camisa limpa ¿cadra ben con falar gallego?

—Coido que si.

—E logo ¿cómo diaños é que onte a noite porque outro hirmán e mais eu íbamos en conversa na nosa fala rúas adiante., mais d'unha vez mirábanos certa xente coa boca aberta? Serían parvos ou extranxeiros?

—Parvos d'eses hainos a feixes, anque se teñen por listos y-a sonda de tales córrelles pol-o mundo adiante. Nados eiqui ou acolá, ¿qué mais ten? sonche extranxeiros d'espritu, meu fillo. D'eso hay abondo que parolar, y-eso faremos, Dios diante, si ti queres, que tempo e terreo que sachar non han faltarnos.

—¿Ti tes ouvido da señora de Carozo?

—Séica si, anque non perciso onde foi.

—Pois bota de conta que a señora de Carozo vive n'esta rúa e mais na outra e na outra, que trunfo hoxe, onte e anonte, que é de todol-os tempos...

—Non... léveme Xudas si non hay mais carozos, machos ou femias, pol-o mundo adiante, que pallas nos palleiros e areas no mar.

—D'eses Carozos e Carociños, leven faldras de dona rica, levita de señor maor ou prendas de rapás *dandy*, imos facer antr-eu e mais ti, uns cadros de comedia que farán rir á xente.

—Por min, cando queira eiguémol-o telón pra que escomece a farsa.

—Por hoxe non faremos mais que anunciála.

—D'aquela ¡terra a nosa! y-hastra o número dous da NOSA TERRA

O COUTELÁN

## NOVAS DA CAUSA

Hai que començar pol-as vellas, pra chegar ás novas. Dende mayo está constituída a Hirmmandade da Fala. Iniciouna a Cruña. Logo, fonon facéndose grupos, en Santiago, Monforte, Ourense e Pontevedra. No Ferrol tratou de constituirse, pro fracasou o bo intento. Y-é lástema, xa que ali cóntase con notabres elementos.

Agora acábase d'organizare en Villalba. Axíña s'organizará tamén en Carballino, e coidamos que en Mondoñedo, terra d'artistas e de grandes patriotas, así como n'outros pobos.

A "Asociación Iniciadora e Proteutora da Academia Gallega" na Habana, o mesmo que ó Centro Gallego y-os nosos boletis rexionales de Cuba, acolleron con moito agrimo, brindándolle todol-o seu apoio, á Hirmmandade da Fala.

De Bos Aires y-outros logares d'América tamén temos recibido parabés e adesiós. O mesmo de moitísimos gallegos que viven en Portugal.

Os "Amigos da Fala" da Cruña, fixeron tres xiras á campía: unha ó monte históricó d'Elviña, a que asistiu o xenial poeta Cabanillas, a tivo por escenario o pinar que, de lonxe ollado, semella un corazón. Outra a Pontevedra, onde foron acramados pol-o

pobo que levaba ergueita unha bandeira gallega, mentras soaba a gaita. E outra a Cambre, preto do poético río. En todas houbo discursos e leituras das poesías dos nosos millores vates. Os "Amigos da Fala" da Cruña, tomaron tamén parte na Festa da Raza, lendo un dos seus membros un discurso en gallego. Organizaron igualmente unha serie de conferencias, que inaugurou o mestre Rodrigo Sanz, de maneira admirable. (Esta conferencia, a millor difinición que hatra agora se fixo do noso rexionalismo, publicarémola en folletín moi axíña.) E pensar aínda traballar pol-o rexurximento do teatro rexional. Tamén, cumprindo os estatutos da Hirmmandade, nomearon mestre o ficar o primeiro semestre da constitución d'aquela, a D. Eladio Rodríguez González, po-a fermosa poesía "Orvallada" que leu na xunta xeneral.

Dánsse, por outra parte, leiciós de gallego todol-os miércoles e sábados na Academia Gallega. Estas leiciós dayas o mestre D. Manoel Lugris, un dos mais enxebres hirmáns, asegurado pol-o douto académico don Florencio Vaamonde.

Y estréitánsse as relacións c'os rexionalistas cataláns, quenés virán axíña a Galicia en viaxe de porpaganda.

Os "Amigos da Fala" de Santiago, publicaron fai poucos días unha tolla enxebre, louvando o valente hino d'Alfredo Brañas. Pol-o vran fixeron notabres excursiós a campía, conseguindo axuntar a elas moitos obreiros y-obreiras. O Doctor Porteiro, é constituirse a Hirmmandade, pronunciou un notabre discurso, que logo foi imprentado. Oxe preside o grupo compostelán o cultísimó profesor e mestre D. Salvador Cabeza León. Este grupo prepara unha serie de conferencias, que darán os señores Cabeza, Xé Casares, Vidal, Robredo, Cabanillas, Lugris Freire, Rey Soto, Villar Ponte e outros.

Os "Amigos da Fala" d'Ourense, dirixidos pol-o dino gallego Sr. Ameixeiras, fixeron, o día da festa dos mortos, un acto solene ante a tumba de Lamas Carvallal, que reseñaron os xornales da Terra.

Os de Pontevedra e Monforte, tamén veníen traballando con fe y-entusiasmo. Sobre todo do grupo de Monforte, que ten por conselleiro 1.º ó gran patriota Banet Fontenla, pódese decir que é cousa exemplar. O de Pontevedra, presideo o Sr. Gastañaduy.

De todol-o relacionado c'o noso movemento, faremos reseñas coidadísimas nos números seguintes d'este boletín. Publicaremos tamén os nomes dos hirmáns que compoñen os consellos directivos, así como os proyeitos que teñen ús e outros. Elo servirá d'estímulo pra todos.

Tamén daremos conta de cantos actos de galleguismo se fagan na terra ou fora da terra.

Pasou dous días na Cruña o doctor Manoel Banet Fontenla, conselleiro 1.º da nosa Hirmmandade en Monforte. Aquí saudárona moitos dos nosos correllexionarios que deseaban estreitar a mán d'home tan culto, verdadeiro mestre de galleguismo. O señor Banet Fontenla, asistiu a derradeira leición da nosa fala na Academia. Unha aberta estreita e garimosa o gran verbe da causa en Monforte.

Tamén estivo na Cruña unhas horas o simpático, culto y-elocente abogado e profesor da Universidá de Santiago, modelo de bos gallegos, Luis Porteiro Garea. Invítouse-lle pra que dea a segunda conferencia das organizadas pol-os Amigos da Fala, na Cruña. Inda non está desinada a data.